

## BORDADOS, MARJANE SATRAPI

O día 8 de marzo reunimos aonoso Club de Adultos para charlar sobre a nosa última lectura, *Bordados* de Marjane Satrapi. Nesta ocasión, e por petición dos e das participantes no Club, decidimos quedar para xantar e estender a sobremesa para poder charlar con calma. E así, des pois da comida, imitamos ás protagonistas de *Bordados* e nos puxemos cómodos/as para conversar.



É esta unha novela gráfica protagonizada por mulleres que aproveitan a sesta dos varóns da casa para conversar sobre cuestións femininas: virxitude, matrimonios concertados, infidelidades, abandonos, liberdade, operacións estéticas...



É unha mostra, ademais, de sororidade, porque cos seus comentarios estas mulleres tratan de axudarse a solucionar problemas propios e alleos, buscan a desmitificación de moitas situacións complicadas da vida e defenden a necesidade de converterse en donas da súa propia existencia.

Foi, non obstante, unha lectura un tanto polémica, porque unha parte dos participantes do Club interpretou as rexoubas das mulleres de *Bordados* como un exemplo de frivolidade que nos fixo reflexionar sobre distintas cuestións: Podemos considerar *Bordados* como unha novela feminista? Buscan as mulleres que protagonizan a novela gráfica atopar un ben común ou se limitan a ironizar sobre experiencias propias e alleas? Estamos ante unha liberación feminina real?

Foi unha sobremesa de debate moi entretida!!!

